

NARRATIVA

Vidas asentadas
sobre crimes da guerraAgustín Fernández Paz presenta *Corredores de sombra*


Título: Corredores de sombra.
Autor: Agustín Fernández Paz.
Editor: Xerais.

Chéganos unha novela de Agustín Fernández Paz, o escritor galego máis lido e tamén un dos máis premiados. Sempre é unha noticia agradable para a literatura de mozos e mozas, e tamén para adultos

sen prexuízos infantís, ou mesmo para os que necesitan historias sen complexidades léxicas nin estruturais que os acheguen ás nosas letras. Para esta ocasión escolleu unha historia que ten como fondo a Guerra Civil, unha historia que desde 1995 retrocede aos anos do alzamento franquista e cambiará a vida das persoas, queiran ou non admitilo. Tanto a daquelas que abren as fiestras para que entre luz nos corredores de sombra do pasado, cegados por comenencias e medo, como para aquelas que consideran a descuberta do cadáver un "anoxoso incidente" e que poñerán todos os medios para que iso non altere a súa prácida e despreocupada vida nin supoña mácula ou desdouro de apelidos con tanto lustre e poder. Neste que andamos, o Ano da Memoria, non cabe dúbida de que aquí temos un tema ben acaído para que os escolares reflexionen sobre o valor da memoria e a vontade de xustiza.

Xa nos comezos da novela, Agustín Fernández Paz deixa por aquí e por alá algúns conceptos deses que, sempre en teoría, resultan moi das apatencias do lector adolescente. Velaf están o medo, a inseguranza, as barreiras invisíbeis, a descuberta do amor, a rebeldía e a autoafirmación. Xeran expectativas que realmente se verán cumpridas e manterán o lector atento ao desenvolvemento dunha trama na que a música e a lectura teñen especial relevancia á hora da autoafirmación. Da conformación da personalidade de Clara, adolescente que asiste á aparición dun cadáver oculto entre dúas paredes do pazo que os seus pais están reformando. A identidade daquel cadáver, con orificios indicadores de que

Os diálogos están ben levados, son áxiles e caracterizadores, e o enfrontamento dos dous mundos tan distintos dos proveñen os protagonistas sempre está presente.



Agustín Fernández Paz.

A.N.T.

foi asasinado, só lle vai importar a Clara, a un tío de Clara (homosexual que tivo que fuxir a Barcelona na procura dun clima máis liberal) e a un mecánico, tamén adolescente, de familia pobre. Eles tres descubrirán a identidade do cadáver, e tamén a do asasino, establecéndos entre eles unha complicidade de amor que contrarresta aquela de odio e de medo que orixinou toda a traxedia que está detrás e na que está asentada a vida familiar de Clara.

Para iso terán que reconstruír a historia dos avós de Clara, a partir dos relatos que teste-

muñas daqueles anos lles van comunicando. Doficadamente, de xeito que o progreso no esclarecemento do crime camiñe de par do namoramento entre os mozos, sendo así que o lector atopa un duplo foco de interese sempre pendente. E de xeito, tamén, que a parte social da trama fique estreitamente ligada á vertente íntima, pois o que se trata de amosar é que a barbarie condicionou, truncou, as vidas da xente. Mais ha de dicirse tamén que o feito de que finalmente sexa un crime paixonal o que se resolve, seguido dunha calculada vinganza, causará un-

ha certa decepción en quen agarde (fundamentalmente o lector adulto) maior implicación na compoñente social. Con todo, iso non quita para que a novela de Agustín Fernández Paz sexa unha boa ferramenta que axude a abrir debate nas aulas.

En *Corredores de sombra* os espazos teñen moita importancia, están ben coidados, descritos polo miúdo, serven para contraponer a situación socioeconómica de Clara e de Miguel e tamén as súas formas de pensar, de ver e enfrontar a vida, unha vida na que as clases humildes están abocadas á emigración. Con todo, no que atinxe ás personaxes, sobre todo ao dúo protagonista, a Clara e Miguel, estas presentan unha configuración un tanto debedora dos estereotipos xenéricos. Os diálogos están ben levados, son áxiles e caracterizadores, e o enfrontamento dos dous mundos tan distintos de que proveñen sempre presente, o enfrontamento de dúas realidades sociais opostas. Mais hai algo que non deixa de lembrar ao lector que Clara e Miguel son personaxes novelescas, están moi idealizadas (como tamén está moi idealizada a personaxe de Carlos, o tío tan especial de Clara) e nesa idealización perderon, por exemplo, a naturalidade á hora de expresarse, empregando un rexistro uniformizador exento da típica xiria adolescente. Sen dúbida isto lastra a identificación do lector (falamos do lector ideal) coas personaxes, aspecto fundamental; con todo isto reviste máis trascendencia aínda para o lector adulto -négamonos a considerar este tipo de lecturas como só aptas para o lectorado mozo.

Do resto, a novela, contada en primeira persoa, memorialista, está conducida con axilidade e a tensión da trama garantida, como sempre nos traballos de Agustín Fernández Paz, de xeito que este *Corredores de sombra* é un título quen han de ler moitísimos adolescentes. Finalmente, lembremos outra vez a importancia da música, por aquí e por alá aparecen moitas referencias á música como un prezado refuxio no que afirma a personalidade. A música e a lectura, porque os dous protagonistas (e o tío, as personaxes positivas) son bos lectores, no caso de Miguel mesmo por tradición familiar lle chega esta devoción. E ao seu carón, non se esqueza o valor da memoria, da memoria e do relato oral, sen o cal pouco poderían facer os protagonistas. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. HOME SEN NOME.**
Suso de Toro.
Xerais.
- 2. BROOKLYN FOLLIES.**
Paul Auster.
Galaxia.
- 3. HERBA MOURA.**
Teresa Moure.
Xerais.
- 4. O CIDADÁN DO MES.**
Diego Ameixeiras.
Xerais.
- 5. CRUCEIRO DE VERÁN.**
Truman Capote.
Galaxia.

NON FICCIÓN

- 1. A TERRA CANTADA.**
Camilo Nogueira.
Xerais.
- 2. MANUEL LUGRÍS FREIRE.**
Henrique Rabuñal.
A Nosa Terra.
- 3. LUGRÍS FREIRE.**
UNHA BIOGRAFÍA.
Xabier Campos.
Galaxia.
- 4. 1936. REPRESIÓN E ALZAMENTO MILITAR EN GALIZA.**
Carlos F. Velasco Souto.
A Nosa Terra.
- 5. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA.**
Anselmo López Carreira.
A Nosa Terra.